

# Hirundo rustica (Linnaeus, 1758)

	andoriña
	golondrina común
	enara arrunta
	orenete vulgar
	barn swallow
	andorinha-das-chaminés



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	19 g
<b>Lonxitude</b>	18 cm
<b>Envergadura</b>	33 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
<b>Chordata</b>	<b>Aves</b>	<b>Passeriformes</b>	<b>Hirundinidae</b>	<b>Hirundo</b>

## ALIMENTACIÓN

Insectívora: moscas, mosquitos, formigas, avésporas, chinches, pequenos escaravellos, etc.

## COMPORTEAMENTO

O voo desta ave é moi acrobático e veloz, con xiros e cambios continuos de altura, moi preto do chan. Cría habitualmente en cortes e construcións similares, construíndo os niños en vigas e saíntes.

## REPRODUCCIÓN

Celo variable: de marzo a agosto. 2-3 postas, de 4-5 ovos de cor crema e pintas vermellizas e incubados polas femias 15 días. Os polos voan aos 20-25 días.

## HÁBITAT

Nidifica en construcións campestres e urbanas. Preto de auga, en prados e cultivos.

## DISTRIBUCIÓN

En inverno, Sudamérica, África, sur de Asia e norte de Australia. O resto do ano ocupa grande parte de Norteamérica e Eurasia (salvo zonas árticas e desertos).

## CURIOSIDADES

Existe un reparto da columna de aire entre as andoriñas, os avións e os vencellos, sendo as primeiras as que máis preto do chan voan. Non obstante, rara vez se ven pousadas no chan, soamente o fan para recoller materiais para a construción do seu niño.

Captura no aire aos insectos dos que se alimenta, habitualmente.

No noso territorio aparece a forma nominal.